

Conmemoración do 25 de novembro

DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Concurso de microrrelato

O equipo de Igualdade e Diversidade Afectivo-Sexual, **IDeAS**, do **IES Terra de Turonio**, quere conmemorar a data do 25 de novembro coa convocatoria dun certame de microrrelato que ten como obxectivo contribuír á reflexión, á concienciación e ao compromiso activo contra a violencia de xénero.

O certame rexeráse polas seguintes BASES:

1. Poderá participar todo o alumnado, profesorado e persoal non docente do IES Terra de Turonio.
2. A participación no certame supón a aceptación destas bases.
3. Os microrrelatos terán unha extensión de entre 5 e 10 liñas e se presentarán a través dun enlace que estará dispoñíbel na aula virtual. A temática estará relacionada coa data, 25 de novembro. Os microrrelatos poderán ser presentados en calquera das linguas en que se imparte docencia no centro.
4. Cada participante presentará un microrrelato.
5. Establécense as seguintes categorías:
 - a) Alumnado de 1º ou 2º da ESO
 - b) Alumnado de 3º ou 4º da ESO
 - c) Profesorado e persoal non docente.
6. Establécense os seguintes premios en cada categoría:
 - 1º premio dotado cun vale por unha camiseta, nunha tenda de Gondomar.
 - Accésits dotados con vales para a cafetería por un valor de 5 euros.
7. A data límite para a presentación dos poemas será o 24 de novembro de 2020 ás 23:59 horas.
8. O xurado estará composto polo profesorado integrante do grupo IDeAS.
9. Os relatos premiados serán publicados na web e nas redes sociais do centro.
10. O fallo do xurado será inapelable e farase público no taboleiro de en fronte á conserxería.
11. Os premios serán entregados nun acto que será artellado de acordo co horario do centro e as condicións sanitarias de prevención da COVID-19.
12. Se o xurado o considera, poderá quedar algún premio deserto. Calquera incidencia non prevista nestas bases será resolta polo xurado.